



Concello do Porriño

## ANUNCIO

O Tribunal, do proceso selectivo que ten por obxecto constituír unha **BOLSA DE EMPREGO PÚBLICO TEMPORAL A XEITO DE LISTAS DE RESERVA DE AUXILIARES ADMINISTRATIVOS INTERINOS**, pertencente á escala de administración xeral, subescala auxiliar, correspondente ó grupo C, subgrupo C2, de conformidade co establecido no artigo 10.1.b) do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBEP) e no artigo 23.1.b) da Lei 2/2015, de 29 de abril, do empregado público de Galicia, para prestar servizos no concello do Porriño, cando concorra algunha das seguintes circunstancias: substituír transitoriamente durante os procesos de Incapacidade Temporal, permiso de maternidade ou paternidade, uso de períodos vacacionais ou permisos, e licenzas por asuntos propios ou personais aos auxiliares adscritas as prazas do Servizo de Secretaría do Concello do Porriño nas áreas de contratación, personal-secretaría xeral, rexistro, estatística e Atención ao público, **reuniuse o día 11-11-2016 co fin de atender os escritos de revisión de puntuación presentados polos/as aspirantes, que a continuación se din, e adoptou os seguintes acordos:**

Concello do Porriño  
TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPAL  
DOCUMENTO:  
Data inicial de exposición: 15/11/2016  
Data final de exposición: 15/01/2017  
O Porriño, w de

Visto polo Tribunal o escrito R.E. nº 9316/18-10-2016, formulado por **MARÍA DEL CARMEN GALIÑANES GONZÁLEZ**, e revisada a documentación aportada coa instancia, o Tribunal por unanimidade ratifícase na puntuación outorgada, dado que as tarefas que se detallan e se describen na certificación de servizos prestados no Concello de A Guarda, son propias da área de Rexistro e todas elas foron valoradas e puntuadas en dita área (Rexistro), toda vez na devandita certificación non se especifican fechas exactas ou períodos de experiencia na área de Persoal-Secretaría Xeral e na área de Atención ao público.

Visto polo Tribunal o escrito R.E. nº 9519/21-10-2016, formulado por **RICARDO MOLEDO VARELA**, e revisada a documentación aportada coa instancia, o Tribunal por unanimidade ratifícase na puntuación outorgada, xa que o aspirante presentou a documentación sen compulsar e a base 3ª das Bases que rexen o proceso selectivo establece: "*Coa solicitude se achegará obrigatoriamente:*

- *Fotocopia compulsada da documentación acreditativa dos méritos que aleguen dentro dos establecidos no baremo destas Bases (en ningún caso se valorarán méritos non acreditados documentalmente)".*

Visto polo Tribunal o escrito R.E. nº 9525/21-10-2016, formulado por **CAYETANA ALEJANDRA MARTÍNEZ PARDO**, e revisada a documentación aportada coa instancia, o Tribunal por unanimidade ratifícase na puntuación outorgada, respecto ao certificado de servizos previos do Concello de Vigo de data 10-02-2016 non se pode puntuar, posto que no mesmo se indican tres Destinos: Rexistro/Benestar Social/Turismo e non se especifican fechas exactas ou períodos concretos en cada un deles. A certificación de data 04/08/2016 que aporta coa alegación non se pode ter en conta, a súa presentación é extemporánea.

Visto polo Tribunal o escrito R.E. nº 9662/26-10-2016, formulado por **EVA MARÍA CAEIRO PAZ**, e revisada a documentación aportada coa instancia, o



Concello do Porriño

Tribunal por unanimidade ratifícase na puntuación outorgada, respecto á certificación de data 19/10/2016, que aporta coa alegación, non se pode ter en conta, a súa presentación é extemporánea.

Visto polo Tribunal o escrito R.E. nº 9663/26-10-2016, formulado por **ROMINA MARÍA SANTIAGO RODRÍGUEZ**, revisada a documentación aportada coa instancia, o Tribunal por unanimidade ratifícase na puntuación outorgada, xa que a aspirante presentou a documentación sen compulsar e a base 3ª das Bases que rexen o proceso selectivo establece: "*Coa solicitude se achegará obrigatoriamente:*

- *Fotocopia compulsada da documentación acreditativa dos méritos que aleguen dentro dos establecidos no baremo destas Bases (en ningún caso se valorarán méritos non acreditados documentalmente).*"

Visto polo Tribunal o escrito R.E. nº 9721/27-10-2016, formulado por **MARÍA DEL MAR NÚÑEZ PEDROSA**, e revisada a documentación aportada coa instancia, o Tribunal por unanimidade ratifícase na puntuación outorgada, polo seguinte:

-Do certificado da Universidade de Vigo resulta que os exercicios realizáronse nos anos 2010 e 2011, a base 6ª.2 das Bases que rexen o proceso de selección establece: "*c) Pola superación de exercicios en probas selectivas de acceso, como funcionario de carreira, a Corpos ou Escalas do mesmo ou superior grupo de titulación e igual ámbito funcional que o correspondente ao Corpo ou Escala ao que se pretende acceder indicado nestas bases, e sempre e cando estas se houberan celebrado nos dous anos anteriores a publicación do anuncio desta convocatoria.*"

-A experiencia profesional na Universidade de Vigo, non a acredita da forma que establece a base 6ª.1 das Bases que rexen o proceso de selección, que di: "*Os servizos prestados acreditaranse mediante certificado orixinal (ou fotocopia compulsada do mesmo) expedido polo Secretario da Corporación, funcionario habilitado para o efecto ou polo órgano de xestión de persoal da administración pública competente.*"

-No certificado da Xunta de Galicia, relativo a servizos prestados como auxiliar, non se especifica que a experiencia se refira a unha das áreas que se establecen nas Bases da selección: *contratación, personal-secretaría xeral, rexistro, estatística e Atención ao público.*

Visto polo Tribunal o escrito R.E. nº 9779/28-10-2016, formulado por **GUADALUPE IGLESIAS LÓPEZ**, e revisada a documentación aportada coa instancia, o Tribunal por unanimidade ratifícase na puntuación outorgada, toda vez que a experiencia acreditada non se corresponde coa esixida na base 6ª.1 das Bases que rexen o proceso de selección: "*como auxiliar pertencente á escala de administración xeral, subescala auxiliar, correspondente ó grupo C, subgrupo C2.*"

O Porriño, 11 de novembro de 2016

O Secretario do Tribunal

Julio Bernárdez Álvarez

